


Edificio Xerencia
Campus de Vigo
36310 Vigo
España

Tel: 986 812 000
Fax: 986 812 060

xerencia.uvigo.es
xerencia@uvigo.es



Asuntos: acollemento de estudantes en prácticas

A finais do ano pasado publicouse o Real Decreto 1707/2011, de 18 de novembro, polo que se regulan as prácticas académicas externas dos estudantes universitarios (BOE do 10 de decembro de 2011) no cal se contempla a posibilidade de que as prácticas académicas poidan ser realizadas nas propias universidades.

O pasado 24 de maio de 2012 o Consello de Goberno da Universidade de Vigo aprobou o Regulamento de prácticas académicas externas do alumnado da Universidade de Vigo que adapta o Real Decreto 1707/2011 ás necesidades da nosa institución.

O regulamento aprobado, no seu artigo 2º, define as prácticas externas como “unha actividade académica de natureza formativa co obxectivo principal de completar e aplicar, nun ámbito profesional, competencias e coñecementos adquiridos polo alumnado nos seus estudos.”

O mesmo artigo citado no seu punto 3º sinala que ademáis de en terceiras entidades e empresas “poden realizarse prácticas externas en dependencias e servizos da propia Universidade de Vigo que non estean destinados á actividade docente.”. O artigo 7º “Relacións coas entidades colaboradoras” no seu punto cuarto recolle a forma na que se debe plasmar o acollemento de estudantes en prácticas na propia Universidade:

“4. No caso dos servizos e dependencias da propia Universidade de Vigo, o convenio ao que se refire o punto 1 substituirase por un acordo escrito interno, asinado pola persoa responsable do servizo ou dependencia en que se realizan as prácticas e a persoa responsable académica do centro de que depende a titulación. O citado acordo deberá ter o visto e prace da Xerencia ou da vicerreitoría competente en materia de titulacións.”

Ante as posibilidades que abre a actual normativa é polo que nos diriximos aos distintos servizos e unidades administrativas e de xestión para lanzar a proposta de que nas mesmas se estude a posibilidade de acoller estudantes en prácticas da nosa universidade, posibilidade na que xa teñen manifestado o seu interese distintos centros universitarios así como algúns servizos e unidades.

O acollemento de estudantes polos servizos e unidades da Universidade de Vigo sería por un tempo limitado, entre 2 e 6 meses, e cunha adicación de entre catro e cinco horas diarias.

Aqueles servizos e unidades interesadas deberán remitir á Vicexerencia de Recursos Humanos da Universidade de Vigo unha solicitude de estudantes en prácticas na que se recolla a seguinte información:

1. Número de prazas ofertado.
2. Labores nas que se concretarán as prácticas.
3. Breve descrición da área de responsabilidade do servizo ou unidade.
4. Periodo no que se debería realizar a estadía e horario.
5. Perfís académicos requeridos (un ou varios perfís atendendo ao catálogo de titulacións ofertado pola Universidade de Vigo)
6. Persoas que actuarían como titores dos estudantes en prácticas no servizo ou unidade.

O prazo para presentar as solicitudes exténdense ata o 20 de xullo de 2012.

Con esta comunicación achégase o regulamento de prácticas externas da Universidade de Vigo e o Real Decreto 1707/2011, nos que se establece todo o réxime de dereitos e deberes tanto dos titores como dos estudantes.

Vigo, 2 de xullo de 2012

O Xerente



Manuel Fernández Jauregui

Administradores/as de Centro
Xefes/as de Servizo
Director Biblioteca
Director Área TIC
Responsables oficinas, área e unidades
Director/a CACTI, ECIMAT, CITI